

ASUNTO: DECRETO APROBACIÓN NORMAS INSCRICIÓNS CAMPAMENTO DE VERÁN 2020 E CAMPUS DE FÚTBOL CIDADE DE MONFORTE

Visto o informe proposta do técnico municipal de deportes de data 15 de xuño que sinala:

“INFORME PROPOSTA QUE REGULARÁ O PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓNS NO CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERAN CONCELLO DE MONFORTE 2020 E NO XIV CAMPUS DE FÚTBOL CIDADE DE MONFORTE – R.C. CELTA DE VIGO

O Concello de Monforte organiza, para o verán de 2020, unha nova edición do “Campamento Deportivo de Verán” motivado principalmente polas necesidades de conciliación familiar dos monfortinos e monfortinas así como para que nenos e nenas, rapaces e rapazas, poidan gozar dunhas vacacións activas practicando actividades lúdicas de xeito saudable, que en todo caso se organizarán tendo en conta as normas establecidas polas autoridades sanitarias.

Do mesmo xeito se organiza una nova edición do “Campus de Fútbol Cidade de Monforte – Celta de Vigo” que ademais de contar cos mesmos obxectivos estratéxicos que o Campamento Deportivo, supón unha oportunidade para que nenos e nenas, rapaces e rapazas se exerciten da man de monitores que traballan dentro da estrutura dun Club de Fútbol Profesional como é o R.C. Celta de Vigo.

*Co fin de regular o procedemento de inscrición en cada unha das actividades, **PROPONSE** a aprobación das seguintes normas de inscrición:*

A. CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERÁN 2020

1- PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar nenos e nenas, rapaces e rapazas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre o 01/01/2008 e o 31/12/2015*
- No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade superior ó 33%, ter recoñecemento da situación de discapacidade e que non precisen da axuda de terceira persoa para participar na actividade.*
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.*
- Non presentar síntomas asociados co COVID-19.*
- Non pertencer a grupos de risco, ou que convivan con grupos de risco (diabetes, enfermidades cardiovasculares, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo.*

2- ORGANIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZAS OFERTADAS:



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005373F00E2B713B9W3X4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 15/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 15/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/06/2020 18:12:59

DECRETO: 2020000816
Fecha: 15/06/2020
Hora: 18:12
Persona 76561868C





- **Duración:** A actividade terá lugar entre o 13 de xullo e o 21 de agosto distribuído en tres quendas:
 - Primeira quenda: do 13 ó 24 de xullo
 - Segunda quenda: do 27 de xullo ó 7 de agosto
 - Terceira quenda: do 10 ó 21 de agosto
- **Horario:** de luns a venres non festivos de 10:00 a 14:00 h.
- **Servizo de transporte:** o campamento conta coa posibilidade de matricularse con servizo de transporte tanto para a ida como para a volta.
- **Prazas ofertadas:** 72 por quenda. Resérvanse 4 prazas para persoas con discapacidade superior o 33 % e 4 prazas a disposición dos Servizos Sociais do Concello de Monforte.
- **Custe da actividade:**
 - Matrícula sen transporte: 51,75 € por quincena.
 - Matrícula con transporte: 67,28 € por quincena

As familias numerosas se lles aplicará un desconto do 50 %
- **Lugar de celebración:** estableceranse tres instalacións deportivas permanentes durante todo o campamento. A cada un dos grupos lles será asignada una instalación permanente á que chegarán e da que sairán todos os días.
- **Grupos de alumnos/as:** a composición dos grupos será dun máximo de 10 persoas incluído o monitor/a. En todo caso sempre en cumprimento das medidas que as organizacións responsables das actividades de lecer educativo xuvenil poidan implementar con carácter xeral, ademais de aplicar as prescritas polo Ministerio de Sanidade.
- **Tipoloxía e actividades:** actividades multideportivas, talleres, etc. En todo caso sempre en cumprimento das medidas que as organizacións responsables das actividades de lecer educativo xuvenil deberan implementar con carácter xeral, ademais de aplicar as prescritas polo Ministerio de Sanidade.

3- SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O procedemento de solicitude será o seguinte:

1. As persoas interesadas en participar no Campamento Deportivo de Verán 2020 deberán facer unha **preinscrición de xeito telemático** a través da páxina web www.monfortedelemos.es entre o 16 e o 25 de xuño.
2. Publicación de lista de persoas preinscricións o día 26 de xuño.
3. Sorteio de prazas, no caso e ser necesario, e publicación da lista de persoas admitidas e lista de espera o día 29 de xuño. Por motivo da situación actual ocasionada pola crise sanitaria COVID-19, o sorteo realizarase sen asistencia de público. Na sesión estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do sorteo.



FIRMAS Y FECHAS





4. *Inscripción definitiva (con aportación da documentación requirida segundo o artigo 6.), aboamento da matrícula e xestión de lista de espera entre o 30 de xuño e o 8 de xullo. A inscrición definitiva poderá facerse de dous xeitos:*

- *Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ó enderezo deportes@concellodemonforte.com*
- *Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.*

4- PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN DE PRAZAS

As persoas interesadas poderán solicitar a participación entre 1 e 3 quendas e terán que asignarlle a orde de preferencia a cada unha delas.

Para a asignación de prazas atenderase ós seguintes criterios de preferencia:

- *Terán prioridade na asignación de prazas as persoas empadroadas no Concello de Monforte.*
- *Para a asignación da quenda preferente terán prioridade ademais:*
 1. *Persoas cuxos proxenitores estean ambos traballando.*
 2. *Familias monoparentáis*
- *Para a asignación do resto de quendas terán prioridade unicamente as persoas empadroadas no Concello de Monforte.*

A adjudicación de prazas será atendendo primeiramente os criterios de preferencia e de ser necesario realizarse sorteo.

5- PAGO DA MATRÍCULA:

Ás persoas con praza enviaráselles ó correo electrónico designado na preinscrición a carta de pago correspondente coa súa inscrición. O pago poderano facer en Abanca, presentando a carta de pago, ou a través da pasarela de pagos habilitada na páxina web www.monfortedelemos.es A data límite para realizar o pago será o 8 de xullo.

6- DOCUMENTACION A PRESENTAR:

A presinscrición realizarase exclusivamente de xeito telemático e non será necesario aportar ningún tipo de documentación.

No momento da inscrición definitiva das persoas con praza na actividade será necesario aportar a seguinte documentación:

- *Instancia de matrícula*
- *De ser o caso, certificado de discapacidade no que quede constancia a non necesidade de axuda de terceira persoa.*





- *No caso de familia numerosa, documentación acreditativa correspondente expedida polo órgano competente.*
- *Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a legal.*
- *Fotocopia do DNI do/a menor ou libro de familia no caso de non ter DNI.*
- *De ser o caso fotocopia do DNI da persoa/as autorizadas a recoller ó menor.*
- *De ser o caso declaración responsable de que os dous proxenitores estean traballando na data de solicitude dos campamentos segundo modelo facilitado polo Concello de Monforte.*
- *De ser o caso declaración responsable de pertenza a familia monoparental segundo modelo facilitado polo Concello de Monforte.*
- *Declaración responsable asinada polos seus pais ou titores (modelo que será facilitado polo Concello) onde garantan que a saúde do neno/a nos últimos 15 días foi a axeitada e non sufriu ningún síntoma asociado ó COVID-19 así como que non estivo en contacto con ninguén con dita sintomatoloxía.*

7- PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN CON MOTIVO DO COVID - 19 E OBRIGAS PARA PARTICIPAR NO CAMPAMENTO

Deseñárase un protocolo de actuación para toda a duración do campamento que, en todo caso, será acorde coas medidas que as organizacións responsables das actividades de lecer educativo xuvenil poidan implementar con carácter xeral, ademais de aplicar as prescritas polo Ministerio de Sanidade.

- **Espazos de actividade permanentes:** *estableceranse espazos de actividade permanentes e exclusivos para cada grupo. Deste xeito cada grupo terá asignado un punto de chegada e saída durante todos os días de actividade, no que tamén levarán a cabo parte das actividades programadas evitando así a interacción con outros grupos.*
- **Monitores/as fixos/as durante toda a quenda:** *cada grupo terá asignado un monitor/a que será o/a mesmo/a durante toda a quenda.*
- **Grupos reducidos:** *formaranse grupos dun máximo de 10 persoas incluído o monitor/a que serán estables durante a duración de cada quenda.*
- **Protocolo para o primeiro día de cada unha das quendas:** *o primeiro día de cada unha das quendas se lle explicará aos participantes as medidas de hixiene e prevención necesarias fronte ao COVID-19*
- **Protocolo para chegada e a saída dos menores:**
 - *A entrada e saída ao campamento farase de xeito gradual para evitar aglomeracións.*
 - *As familias deixarán o menor ao coidado do monitor/a na entrada da instalación que teña asignada, onde se desinfectarán as mans con xel desinfectante e se lle facilitará unha mascarilla.*



FIRMAS Y FECHAS





- *Unha vez dentro da instalación asignada os nenos/as colocarán a súa mochila nun lugar habilitado para elo.*
- *Á saída do campamento os nenos/as realizarán a mesma rutina que ó inicio. Antes de marchar botarán a mascarilla nun contenedor preparado para iso, desinfectarán as mans con xel desinfectante e reuniranse coa persoa que ven a recollelos.*
- **Protocolo durante as actividades:**
 - *Realizarse con maior asiduidade o lavado e desinfección de mans durante a mañá.*
 - *Os monitores/as estará atentos a posibles síntomas dos nenos/as para poder comunicarllo ás familias e ó Concello.*
 - *Cada grupo terá o seu material propio así como un espazo delimitado durante a duración co campamento.*
 - *Cada neno/a deberá levar da súa casa unha botella de auga rotulada co seu nome.*
- **Protocolo de desinfección das instalacións:** *diariamente, e unha vez finalizada a actividade de cada día, procederase á limpeza e desinfección de cada instalación.*
- **As persoas participantes están obrigadas a:**
 - *Non acudir á actividade si durante os 14 días previos á entrada ao campamento padeceu algún síntoma asociado ó COVID- 19.*
 - *Incorporarse á actividade nos espazos e horarios establecidos.*
 - *Entregar ao/á menor a coidado do monitor/a no exterior da instalación asignada.*
 - *Acudir á actividade cumprindo con todas as medidas ditadas polas autoridades sanitarias.*
 - *A non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable da mesma.*
 - *A identificarse para a recollida das/os nenos/as á finalización diaria do campamento. Sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran como autorizados/as na solicitude.*
 - *A respectar as normas establecidas polos equipos de monitorado.*

B. XIV CAMPUS DE FÚTBOL CIDADE DE MONFORTE – R.C. CELTA DE VIGO

1- PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar nenos e nenas, rapaces e rapazas que cumpran os seguintes requisitos:

- *Ter nacido entre o 01/01/2006 e o 31/12/2013*
- *No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade superior ó 33%, ter recoñecemento da situación de discapacidade e que non precisen da axuda de terceira persoa para participar na actividade.*
- *Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.*
- *Non presentar síntomas asociados co COVID-19.*



FIRMAS Y FECHAS





- *Non pertencer a grupos de risco, ou que convivan con grupos de risco (diabetes, enfermidades cardiovasculares, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo.*

2- ORGANIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZAS OFERTADAS:

- **Duración:** *A actividade terá lugar entre o 3 e o 7 de agosto.*
- **Horario:** *de luns a venres non festivos de 10:00 a 13:00 h.*
- **Prazas ofertadas:** *54. Resérvanse 4 prazas para persoas con discapacidade superior o 33 %.*
- **Custe da actividade:** *26,91 €. As familias numerosas se lles aplicará un desconto do 50 %*
- **Lugar de celebración:** *Campo Municipal de Fútbol Luis Bodegas.*
- **Grupos de alumnos/as:** *a composición dos grupos será dun máximo de 10 persoas incluído o monitor/a. En todo caso sempre en cumprimento das medidas que as organizacións responsables das actividades de lecer educativo xuvenil poidan implementar con carácter xeral, ademais de aplicar as prescritas polo Ministerio de Sanidade.*
- **Tipoloxía das actividades e exercicios:** *os exercicio estarán deseñados, en todo caso, sempre en cumprimento das medidas que as organizacións responsables das actividades de lecer educativo xuvenil deberan implementar con carácter xeral, ademais de aplicar as prescritas polo Ministerio de Sanidade.*

3- SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O procedemento de solicitude será o seguinte:

- 5. As persoas interesadas en participar no XIV Campus de Fútbol Cidade de Monforte deberán facer unha **preinscrición** de xeito **telemático** a través da páxina web www.monfortedelemos.es entre o 16 e o 25 de xuño.*
- 6. Publicación de lista de persoas preinscritas o día 26 de xuño.*
- 7. Sorteio de prazas, no caso e ser necesario, e publicación da lista de persoas admitidas e lista de espera o día 29 de xuño. Por motivo da situación actual ocasionada pola crise sanitaria COVID-19, o sorteo realizarase sen asistencia de público. Na sesión estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do sorteo.*
- 8. Inscrición definitiva (con aportación da documentación requirida segundo o artigo 6.), aboamento da matrícula e xestión de lista de espera entre o 30 de xuño e o 8 de xullo. A inscrición definitiva poderá facerse de dous xeitos:*
 - *Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ó enderezo deportes@concellodemonforte.com*
 - *Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.*





4- PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN DE PRAZAS:

Para a asignación de prazas terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de Monforte. De ser necesario realizárase sorteo.

5- PAGO DA MATRÍCULA:

Ás persoas con praza enviaráselles ó correo electrónico designado na preinscrición a carta de pago correspondente coa súa inscrición. O pago poderano facer en Abanca, presentando a carta de pago, ou a través da pasarela de pagos habilitada na páxina web www.monfortedelemos.es A data límite para realizar o pago será o 8 de xullo.

6- DOCUMENTACION A PRESENTAR:

A presinscrición realizárase exclusivamente de xeito telemático e non será necesario aportar ningún tipo de documentación.

No momento da inscrición definitiva das persoas con praza na actividade será necesario aportar a seguinte documentación:

- *Instancia de matrícula*
- *De ser o caso, certificado de discapacidade no que quede constancia a non necesidade de axuda de terceira persoa.*
- *No caso de familia numerosa, documentación acreditativa correspondente expedida polo órgano competente.*
- *Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a legal.*
- *Fotocopia do DNI do/a menor ou libro de familia no caso de non ter DNI.*
- *De ser o caso fotocopia do DNI da persoa/as autorizadas a recoller ó menor.*
- *Declaración responsable asinada polos seus pais ou titores (modelo que será facilitado polo Concello) onde garantan que a saúde do neno/a nos últimos 15 días foi a axeitada e non sufriu ningún síntoma asociado ó COVID-19 así como que non estivo en contacto con ninguén con dita sintomatoloxía.*

7- PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN CON MOTIVO DO COVID - 19 E OBRIGAS PARA PARTICIPAR NO CAMPAMENTO

Deseñárase un protocolo de actuación para toda a duración do campus que, en todo caso, será acorde coas medidas que as organizacións responsables das actividades de lecer educativo xuvenil poidan implementar con carácter xeral, ademais de aplicar as prescritas polo Ministerio de Sanidade.”

Polo anteriormente exposto e, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, DISPOÑO:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005373F00E2B713B9W3X4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 15/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 15/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/06/2020 18:12:59

DECRETO: 2020000816
Fecha: 15/06/2020
Hora: 18:12
Persona 76561868C





PRIMEIRO.- Prestar aprobación ás normas de inscrición do procedemento do Campamento Deportivo de Véran Concello de Monforte 2020 e do XIV Campus de Fútbol Cidade Monforte – R.C Celta de Vigo que figuran na parte expositiva deste decreto.

SEGUNDO.-Dar traslado do presente decreto ao Técnico de Deportes e proceder á súa publicación na páxina web do Concello.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 15/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 15/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/06/2020 18:12:59

DECRETO: 2020000816
Fecha: 15/06/2020
Hora: 18:12
Persona 76561868C

